



C.E.I.P.
OZA DOS RÍOS



C.E.I.P.
OZA DOS RÍOS

AN

DE

CONTINXENCIA

CURSO 2020-2021

ÍNDICE

- 1..... Actuacións previas diante da aparición dun gromo**
- 2..... Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial**
- 3..... Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial**

O Plan de Continxencia do CEIP Oza dos Ríos ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. 1. Non asistirá ao centro o alumnado ou persoal que teña síntomas compatibles con COVID-19, así como aquel que se atope en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

1. 2. Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (AULA COVID), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto á que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado.

1. 3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

1.5. **1.4.** No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do profesorado, así como de quen sexa persoa próxima

vencellada ao centro educativo.

1.5 . A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co/a seu/súa pediatra para que este/a avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

1.5. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

1. 7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación Seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

1. 8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

1. 9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

1.10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas

previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

2.1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. Realizarase o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos recursos dispoñibles, ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2. 2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

2. 3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

2. 4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas.

- a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar

co ensino a distancia.

- b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino aprendizaxe.
- c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.
- d) **Revisar o protocolo** para modificar os aspectos que se estimen necesarios.
- e) **Coordinar** co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

3. **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase %alumnado asistente	Duración	OBXECTIVOS
FASE 1: Adecuación aos espazos	1 semana	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. ✓ Desinfección de todos os espazos. ✓ Revisión do plan de adaptación e modificación dos aspectos necesarios
FASE 2: (50 %) Formación de pequenos grupos	1 semana	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Formar ao alumnado nas rutinas de hixiene, distanciamento físico e uso correcto da máscara ✓ Combinar o ensino presencial e telemático. ✓ Revisión das actividades realizadas a distancia. ✓ Avaliación da etapa.
FASE 3: (70 %) Reforzo das medidas en pequenos grupos	3 xornadas lectivas	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo ✓ Combinar o ensino presencial e telemático ✓ Resolver dúbidas e comprobar o adquirido telematicamente.
FASE 4: (100 %) Reforzo das medidas en pequenos grupos	2 xornadas	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Avaliar o desenvolvemento das fases. ✓ Comprobar o grao de adquisición do traballado. ✓ Volver ás clases presenciais sen abandonar o emprego do traballo virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.